Francisco Miguel Fernández Díaz naceu en Coruña o 27 de setembro de 1897, fillo de **Román Mortatinos Ventosa**, o maior distribuidor de viño na cidade herculina, e de **Marcelina Fernández Díaz**, sirvienta.

Prácticamente non temos información del ata o ano 1917, cando abrirá xunto a Próspero Cué a libraría *P.Cué & Cía*, que segundo algunas crónicas da época será a máis reputada da cidade. Comercializará libros en galego e portugués, filatelia, e mesmo reproduccións de obras destacadas do Museo do Prado, o Louvre ou a National Gallery. En 1920 a libraría cambiará o seu nome ao de *Librería de Arte*, aínda que pecha a finais dese mesmo ano.

Ao mesmo tempo participará na rica vida artística e cultural da cidade neses anos, asistindo ás tertulias do café La Peña e colaborando nas distintas revistas de arte que xurdiran nesa época en Coruña e Galicia: Vida (1920-1921), Ronsel (1924), e Casa América-Galicia (1922-1923) e a súa continuación, Alfar (1923-1928) nas que chegará a ser director artístico, e onde publicará distintos debuxos, gravados e artigos falando de arte, ao carón de nomes como **Salvador Dalí**, **Gabriela Mistral, Álvaro Cebreiro, Castelao...**

En 1920 casaría con **Syra Alonso Brufau**, na súa lúa de mel visitarán París, onde se establecerán ata o ano seguinte. Voltaran á *ville lumière* en 1923, para residir outro ano, no que o pintor formarase na técnica do *batik* e onde asistiran ás tertulias do café de *La Rotonde*, na que participarán algúns dos intelectuais e artistas máis destacados da época, coma **Picasso** ou **César Vallejo,** quen chega a mencionar ao pintor coruñés nun artigo para o xornal *El Norte*.

De volta unha vez máis en Galicia, organizará distintas exposicións dos seus batiks con notable éxito en Coruña (1924), Vigo (1924), Ourense (1924) e no Hotel Ritz de Madrid (1925). Nesta etapa podese intuir unha disxuntiva moral do artista, entre conseguir bos cartos vendendo os seus batiks que nese momento eran a moda feminina, ou expoñer a súa obra que se ben era máis notable, non iba ter tanta saída comercial.

Pese ao éxito e recoñecemento do que sen dubida disfruta o artista nestes anos, a parella decide deixar España e establecerse en México no ano 1926; de camiño ao país azteca farán unha breve escala na Habana, onde Francisco Miguel retratará ao escritor **Alejo Carpentier**.

Instalados xa en México, no ano 1927, o artista exercerá de profesor de Batik nun hospicio, organizará varias exposicións, será director gráfico da revista Imagen (1933), profesor de debuxo (1933) e entrará en contacto co grupo de artistas denominado *"Los contemporáneos"*, onde chegará a publicar un debuxo no número 16 da revista homónima.

Máis a amizade destacada desta etapa mexicana é a que mantén co muralista **David Alfaro Siqueiros**, con quen mesmo chega a vivir nun convento abandonado en Taxco durante a condena de reclusión domiciliaria do artista mexicano; este chega a facer un retrato de Francisco Miguel e escribe un artigo alabando o seu arte con motivo da súa exposición de despedida de México en 1933 que é reproducido pola revista *Civdad* en 1935.

En 1933, deciden novamente voltar a España, instalandose en Madrid; alí Francisco Miguel participará na Exposición Nacional de Belas Artes de 1934, co cadro *"el kilómetro 257 del camino de Acapulco"* e na feria de debuxo de 1935. Ese ano, trasladanse a Galicia, a Santa Cruz, nunha vivenda unifamiliar que alcumarán a "casa da felicidade", en decembro de 1935 Francisco Miguel celebrará a súa última exposición en vida, na asociación de artistas da Coruña, e co Golpe de Estado de 1936, a felicidade desaparecerá: Francisco Miguel é detido polos sublevados, e será asasinado, aparecendo o seu corpo en Bértoa (Carballo) a 50 kms da súa casa, unha tactica utilizada polos golpistas para sembrar o terror e asegurarse de que as familias non encontren os corpos dos seus seres queridos; máis en setembro de 2023, 87 anos despois da súa morte, o seu corpo foi exhumado finalmente do cemiterio de Bértoa pola Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, xunto cos de **Juan Boedo Pardo**, **Pedro Pinilla Calvete** e **Andrés Pinilla Fraga**. Outro 29 de setembro, pero de 2025, o seu corpo foi devolto aos seus familiares e soterrado ao carón do mar, no cemiterio de Santo Amaro.

A producción artística de Francisco Miguel acada actualmente as 85 obras identificadas, a maioría debuxos nos que plasma a Syra, máis tamen ten óleos, linoleos, gravados e máis batiks.

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA